

Sonoro empeño

Ciclo de cinema sobre arte e música

afundacion.org

[f Afundación](https://www.facebook.com/Afundación)

[@Afundacion_org](https://twitter.com/Afundacion_org)



//Afundación

Obra Social ABANCA

25 abril | 20.00 h

Mr. Turner

Mike Leigh, Reino Unido, 2014. 149 min. NRM 12 anos. VOSE

Biografía sobre o pintor británico, J.M.W. Turner (1775-1851). Artista reconecido, ilustre membro da Royal Academy of Arts, vive co seu pai e a súa fiel ama de chaves. É amigo de aristócratas, visita bordeis e viaxa decote en busca de inspiración. A pesar da súa fama, tamén é vítima das burlas do público e do sarcasmo da sociedade. Fondamente afectado pola morte do seu pai, decide illarse. A súa vida muda cando aparece Mrs. Booth, propietaria dunha pensión familiar á beira do mar.

8 maio | 20.00 h

Loving Vincent

Dorota Kobiela e Hugh Welchman, Polonia, 2017. 90 min.

NRM 12 anos. VOSE

Un ano despois da morte de Vincent van Gogh, o carteiro Roulin pídelle ao seu fillo Armand que entregue persoalmente a derradeira carta do artista ao seu irmán Theo, logo de que os seus intentos de lla enviar fallasen. A pesar de non o ter apreciado e lembrar o incidente de cando se mutilara a orella e lla dera a unha prostituta, Armand acepta a encomenda... Primeira longametraxe composta por pinturas animadas, en que cada fotograma é un cadro pintado sobre óleo por unha gran listaxe de excelentes artistas, inspirándose no estilo do xenio. Compoñen o filme un total de 56.800 fotogramas.

16 maio | 20.00 h

La Dama de Oro (Woman in Gold)

Simon Curtis, Reino Unido, 2015. 109 min. NRM 7 anos. VOSE

Baseada nunha historia real. En 1998 Maria Altmann (Helen Mirren), unha muller xudía que fuxiu de Viena durante a II Guerra Mundial, volve sesenta anos despois para reclamar as propiedades que os nazis confiscaron á súa familia, entre as que se atopa o célebre *Retrato de Adele Bloch-Bauer I*, de Gustav Klimt. Un avogado mozo (Ryan Reynolds) terá a ben axudala na súa loita co goberno austríaco e coa Corte Suprema dos Estados Unidos. Ao mesmo tempo, Maria deberá enfrontarse ás terribles lembranzas do seu pasado.



23 maio | 20.00 h

Big Eyes

Tim Burton, Estados Unidos, 2014. 106 min. NRM 7 anos. VOSE

Baseada nunha historia real. Margaret Keane comezou a ter un éxito inusitado nos anos 50 e 60 do século pasado a raíz dos seus cadros, característicos polos grandes ollos dos personaxes que representaba. Eran nenas e nenos que cativaban debido á súa mirada penetrante. A cuestión é que Margaret asinaba as obras co nome do seu marido convencida por el, porque disque era moi hábil para as cousas do marketing... Ao que ela comeza a decatarse da manipulación, o seu home amosa todas as súas frustracións agochadas.

28 maio | 20.00 h

El profesor de violín (Tudo o que aprendemos juntos)

Sérgio Machado, O Brasil, 2015. 102 min. NRM 12 anos. VOSE

Laertes (Lázaro Ramos), un violinista de gran talento que foi rexeitado na prestixiosa Orquestra Sinfónica do Estado, comeza a dar clases de música a adolescentes dunha escola pública en Heliópole, un barrio dunha zona deprimida de São Paulo. Esta experiencia cambiará a súa vida e a do seu alumnado... Inspirada na verdadeira historia do mestre brasileiro Silvio Bacarelli, que nos anos 90 conseguiu estimular a inclusión social e cultural da mocidade dunha das favelas máis grandes da cidade.

//Afundación

Obra Social ABANCA

Centro Obra Social ABANCA
Praza de Cervantes, 19
Santiago de Compostela